



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA VECIÑAL NÚM. 1/2024, DO DÍA 25
DE XANEIRO DE 2024**

Na sede da Entidade Local Menor de Bembrive, sendo ás vinte horas e doce minutos do xoves día 25 de xaneiro de 2024, previa convocatoria de sesión ordinaria realizada pola Alcaldía mediante Resolución de 22 do mesmo mes, réunese a Xunta Veciñal, baixo a Presidencia da Alcaldesa-Pedánea, D^a. Patricia Otero Carrera, asistindo os seguintes vocais:

D ^a . Antía González Fernández	PSdeG – PSOE
D. José González Domínguez	PSdeG – PSOE
D. Manuel Costas Costas	PSdeG – PSOE
D. Eduardo Vila Pereira	PP

Asiste á sesión, en calidade de secretaria da Corporación, Patricia Alvarellos Leis.

O obxecto da sesión é o tratamento e resolución dos seguintes puntos da

ORDE DO DÍA

I. PARTE RESOLUTIVA:

- 1. Actas anteriores:**
 - Núm. 12/2023, do 28 de decembro de 2023.
- 2. Aprobación, se procede, do Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos núm. 1/2024 por importe total de 2.079,92 €.**
- 3. Aprobación inicial, se procede, da modificación orzamentaria núm. 1/2024 na modalidade de Transferencia de Créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto, por importe total de 16.000 €.**
- 4. Aprobación inicial, se procede, da modificación da Base núm. 20-BIS de Execución do Orzamento “Subvencións directas” para o exercicio 2024, supeditada á aprobación do punto núm. 3.**

II. PARTE DE CONTROL:

- 5. Resolucións da alcaldía – pedanía.**
 - 6. Rogos e preguntas.**
-

Ábrese a sesión polo Sra. Alcaldesa Pedánea á hora arriba indicada.



Entidade Local Menor de Bembrive

Acto seguido, procédese ao tratamento dos puntos da ORDE DO DÍA:

1. Acta anterior:

- Núm. 12/2023, do 28 de decembro de 2023.

Sometidos á consideración da Xunta Veciñal o borrador da acta da sesión citada, distribuída coa convocatoria desta sesión, e ao non producirse intervencións, declárase aprobada por unanimidade dos asistentes.

2. Aprobación, se procede, do Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos núm. 1/2024 por importe total de 2.079,92 €.

Pola Alcaldesa-Pedánea dase conta do informe-proposta de Alcaldía de data vinte e dous de xaneiro do ano dous mil vinte e catro, co seguinte contido literal:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PEDANÍA Á XUNTA VECIÑAL

Asunto: Expte Recoñecemento Extraxudicial de Créditos REC núm. 1/2024.

Figurando pendente de pagamento diversas facturas por gastos pola prestación de servizos ou a adquisición de bens, que non puideron ser aplicadas ao correspondente exercicio por presentalas no rexistro desta entidade a finais do 2023 e a comezos do 2024, é polo que, ao amparo do establecido nos artigos 23.1.e) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, e art. 60.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro del Título Sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de presupostos, elévase ao Pleno (Xunta Veciñal) da Corporación.

Figura no expediente informe de reparo da Intervención polo trámite de facturas e gastos do mandato anterior sen o preceptivo trámite orzamentario.

Tendo en conta que de non tramitar as facturas se trataría dun enriquecemento inxusto para a Administración pois se trata de gastos efectivamente realizados que teñen o seu conforme na recepción dos gastos ou servizos e que se fixeron efectivos.

Por todo iso propónse á Xunta Veciñal, para a súa aprobación se así estímase oportuno, a adopción do seguinte ACORDO:



*Entidade Local Menor
de Bembridge*

Primeiro.- Levantar a nota de reparo incorporada ao expediente REC 1/2024 emitido no informe de intervención de data 22 de xaneiro de 2024.

Segundo.- O recoñecemento extraxudicial dos créditos obrantes no expediente instruído que constan de 12 rexistros e un importe total de DOUS MIL SETENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS DE EURO (2.079,92 €), nos termos que se detallan a continuación:

Facturas tramitadas no expte REC 1/2024		
Ano	Núm. Facturas	Importe total (€)
2023	12	2.079,92
TOTAL		2.079,92

Terceiro.- Recoñecer e liquidar a obriga correspondente, ordear o pago e que pola Tesourería Municipal se proceda o seu pagamento e contabilización das facturas correspondentes ao recoñecemento extraxudicial de créditos REC 1/2024. Dar traslado aos servicios municipais de Intervención e Tesourería.”

.....

No expediente consta informe da Secretaría Intervención, emitido o 22.01.2024, que conclúe cunha **nota de reparo** por non seguir o procedemento de recoñecemento de obrigas.

.....

Intervencións: O Sr. Vila Pereira pide a palabra para insistir, como en outros plenos, que estes reparos hai que evitalos porque se está entrando en ilegalidades porque son contratos menores, incluso algúns.

A alcaldesa-pedánea respóstalle ao Sr. Vila Pereira que estas facturas tiñan que entrar por rexistro e non entraron no ano, co cal non se podían pagar porque non se iban a inventar e son luz, teléfono, etc ...

O Sr. Vila Pereira di que se reitera máis que nada porque hai que facer os presupostos e as contas e empezar a traballar e que o ten que manifestar ante os veciños.

A alcaldesa-pedánea afirma que si e que xa falaron diso a outra vez

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por catro votos a favor (Sra. Otero Carrera - Alcaldesa-Pedánea - e dos vogais Antía González Fernández, José González Domínguez e Manuel Costas Costas) e un voto en contra (Eduardo



Entidade Local Menor de Bembridge

Vila Pereira), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

3. Aprobación inicial, se procede, da modificación orzamentaria núm. 1/2024 na modalidade de Transferencia de Créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto, por importe total de 16.000 €.

Pola Alcaldesa-Pedánea dase conta do informe-proposta de secretaría de data dezanove de xaneiro do ano dous mil vinte e catro, co seguinte contido literal:

“En relación co expediente relativo á transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal, en cumprimento da Providencia de Alcaldía con data do 19.01.2024, emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, con base aos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. *Mediante Providencia de Alcaldía con data do 19.01.2024 incoouse expediente para a redución de gastos do Orzamento en vigor, mediante a modalidade de transferencia de créditos doutras aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas pertencentes a distinta área de gasto.*

SEGUNDO. *Con data 19.01.2024 e 19.01.2024, emitíronse certificados sobre a dispoñibilidade de créditos a minorar (RC núm. 2024 22000048 por 9.000 € e 2024 22000049 por 7.000 €)*

TERCEIRO. *Con data 19.01.2024, emitíuse informe de Secretaría-Intervención sobre a lexislación aplicable e o procedemento para seguir en relación con este asunto.*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Os artigos 3, 4, 11, 12, 13, 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.*
- *Os artigos 179 e 180 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL).*
- *Os artigos 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos.*

Páxina 4 de 18



Entidade Local Menor de Bembridge

- O artigo 16 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro.
- Artigo 42, 173 e 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).
- Artigo 22.2.a), e) e 113 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- O Regulamento (UE) N° 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC-10).
- A Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.
- A Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- O artigo 28. j) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- O artigo 4.1. b). 2° do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Base 10 de execución do Orzamento desta Entidade Local para 2024 (prorrogado do 2014).

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, xa que logo, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, a que subscribe eleva o seguinte,

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. - Aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 1/2024, coa modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distinta área de gasto, como se indica de seguido:

Aplicacións de Gastos

DA APLICACIÓN	IMPORTE	Á APLICACIÓN	IMPORTE
153.210. Vías públicas. Infraestructuras e bens naturais.	- 16.000	341.480. Promoción y fomento del deporte. A familias e Instituciones sin fines de lucro.	+ 9.000
		33.482. Festexos populares. A familias e Instituciones sin fines de lucro.	+ 7.000



*Entidade Local Menor
de Bembridge*

TOTAIS	- 16.000	TOTAIS	+ 16.000
---------------	-----------------	---------------	-----------------

SEGUNDO. *Expoñer este expediente ao público mediante anuncio no taboleiro de edictos desta Entidade Local e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, polo prazo de quince días, durante os cales os solicitados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, conforme ao disposto no artigo 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.*

O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, a Xunta Veciñal dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas.

Non obstante, a Xunta Veciñal acordará o que estime pertinente.”

.....

No expediente consta memoria da Alcaldía Pedanía do 19.01.2024, cuxa xustificación é a seguinte:

“A necesidade de incoar este expediente de transferencia de créditos entre partidas de distinta vinculación xurídica xustifícase no feito de que esta Alcaldía-Pedanía considera favorable a adxudicación dunha subvención nominativa por 9.000 € a o Clube Deportivo Mosteiro Fútbol Sala.

A bolsa de vinculación 3.4 para atender este gasto carece de crédito para atender o citado gasto debido a que o Orzamento deste exercicio é o prorrogado de 2014, e a prorroga foi obxecto dun axuste á Baixa sobre o crédito inicial.

Esta subvención nominativa por importe de 9.000 € ao equipo “CLUBE DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE FÚTBOL SALA” está xustificada na gran promoción e difusión do nome de Bembridge que terá en todo o territorio nacional debido a disputa na citada competición coa finalidade de financiar os viaxes, aloxamentos e desprazamentos do equipo feminino de segunda división nacional na tempada 2023-2024.

Así mesmo, é necesario dotar 7.000 € a bolsa de vinculación 3.4 coa finalidade de habilitar crédito para as restantes subvencións directas que se pretenden conceder, en virtude das consideracións expostas por esta Alcaldía-Pedanía na memoria incorporada ao expediente de modificación núm. 1/20214 das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2024”.

.....



Entidade Local Menor de Bembrive

No expediente consta informe favorable da Secretaría Intervención, emitido o 19.01.2024.

.....

Intervencións: O Sr. Vila Pereira pide a palabra para dicir que se está traballando co orzamento prorrogado do ano 2014 e se están trasladando partidas económicas dun punto a outro sen valorar os gastos que ten hoxe en día a Entidade.

ACORDO: Pola alcaldesa-pedánea sométese o asunto a votación, resultando que, co voto favorable de catro membros presentes (da alcaldesa-pedánea e dos vocais, Sra. González Fernández, Sr. González Domínguez e Sr. Costas Costas) e un voto en contra (do Sr. Vila Pereira), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

4. Aprobación inicial, se procede, da modificación da Base núm. 20-BIS de Execución do Orzamento “Subvencións directas” para o exercicio 2024, supeditada á aprobación do punto núm. 3.

Pola Alcaldesa-Pedánea dase conta da proposta desta mesma Alcaldía, de data dezanove de xaneiro do ano dous mil vinte e catro, co seguinte contido literal:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA-PEDANÍA Á XUNTA VECIÑAL

Tendo en consideración que por esta Alcaldía-Pedanía se desexan introducir determinadas modificacións no anexo de Subvencións directas (BASE núm. 20-BIS das de Execución) do Orzamento de 2024, prorrogado de 2014, en canto a asignación nominativa de subvencións, sendo os cambios propostos os seguintes:

Entidade beneficiaria - CIF	Partida Orzamentaria	Actividade a subvencionar	Importe (€)
CLUBE DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE FÚTBOL SALA (V36886422)	341.480	GASTOS DE VIAXES, ALOXAMENTOS E DESPRAZAMENTOS EQUIPO FEMININO POR PARTICIPACIÓN NA 2ª DIVISIÓN NACIONAL, TEMPADA 2023/24	9.000 €
TOTAL			9.000 €

Ademais da anterior modificación, se inclúe como novidade na BASE 20-BIS a incorporación de subvencións nominativas ás Asociacións que a continuación se enumeran co seguinte detalle:

Entidade beneficiaria - CIF	Partida Orzamentaria	Actividade a subvencionar	Importe (€)
S.C.D.R. HELIOS (CIF: G36633428)	33.482	VESTIARIO PARA GRUPOS, ACTUACIÓNS MUSICAIS E	4.000 €



*Entidade Local Menor
de Bembridge*

ATENEU MUSICAL DE BEMBRIVE (CIF: G36784197)	33.482	EQUIPAMENTO DE SONIDO GASTOS DE FUNCIONAMENTO (PERSONAL DOCENTE)	6.000 €
IRMANDADE DE FESTAS SAN BLAS E SANTIAGO (G36705036)	338.480	ACTUACIÓNS MUSICAIS E OUTRAS NECESIDADES DAS FESTAS (LUCES, SONIDO, SEGUROS)	9.000 €
TOTAL			19.000 €

Visto o Informe de Secretaría-Intervención emitido o día 19 de xaneiro de 2024 e a Memoria xustificativa de Alcaldía-Pedanía da mesma, que literalmente di:

“DESGLOSE E XUSTIFICACIÓNS DAS SUBVENCIONS POR BENEFICIARIOS:

1º- C.D MOSTEIRO BEMBRIVE FUTBOL SALA:

Esta Alcaldía –Pedanía considera favorable a adxudicación dunha subvención nominativa por importe de **9.000 €** ao equipo “CLUBE DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE FUTBOL SALA” coa finalidade de financiar os viaxes aloxamentos e desprazamentos do equipo de segunda división nacional.

O Clube Deportivo Bembridge Futbol Sala inscríbese no Rexistro Xeneral da Xunta de Galicia o día 29 de setembro de 2001. Fúndase coa intención de fomentar o deporte de futbol sala na parroquia de Bembridge. Na tempada 2018-19 o Club conta con 11 equipos federados o que supón contar o redor de 150 licencias.

A función principal do club é a educativa, para cumprila basámonos en 6 premisas fundamentais que inculcamos os nosos menores dende a base:

- Practicar deporte conforme as boas artes
- Acatas decisión dos xueces
- Vencer sen humillar
- Perder sen rencor
- Respectar o adversario
- Ofrecer amizade dentro e fora do terreo de xogo

2º- S.C.R.D “HELIOS” DE BEMBRIVE:

Esta Alcaldía –Pedanía considera favorable a adxudicación dunha subvención nominativa por importe de **4.000 €** a S.C.D.R “HELIOS”.

Esta subvención está fundamentada na necesidade de dotación de vestiario para os diferentes grupos culturais de Helios, para á contratación de actuacións culturais e equipamento para sonido.



Entidade Local Menor de Bembrive

Podemos afirmar que a primeira vez que soa o nome de Helios foi a principios do S. XX. Nos documentos que hai hoxe en día na Sociedade consta a súa creación en 1932. Era un centro social e cultural que contaba cunha biblioteca e unha escola que quedou destruída pola guerra civil española.

Tras moitos anos o edificio só tiña un carácter administrativo, xa que pertencía o goberno estatal e era a sede da Entidade Local Menor de Bembrive, dende o ano 1945. Nos anos 50 un grupo de veciños retoma aquela mentalidad perdida de potenciar a cultura e a unión dos veciños da parroquia. Desta maneira, un home o que lle debemos moito, chamado Estevez Penal, púsoxe o fronte dun grupo de veciños co obxectivo de voltar a formar unha Sociedade.

Consta que o primeiro socio e de data, 1 de abril de 1953.

Entre as ofertas culturais disponían dunha máquina de cine para proyectar sesións, bailes, xogos de mesa, billar e unha cantina.

Nos anos 50 participaron nos xogos sociais en Campo Lameiro (Pontevedra), gañando o primeiro premio levando a copa do Gobernador. No año 1981 deciden presentar a Sociedade no Rexistro Civil para que constase legalmente como Sociedade Cultural e de ahí recibe o nome que ten actualmente Sociedade Cultural, Deportiva, Recreativa Helios de Bembrive.

En xullo de 1996 a Sociedade Helios cambia de sede e pasa a rexentar o actual edificio, culminando a maior obra do edificio en maio do 2002, cando se inaugura o auditorio.

3º “ATENEO MUSICAL DE BEMBRIVE”:

*Esta Alcaldía – Pedanía considera favorable a adjudicación dunha subvención nominativa por importe de **6.000 €** a “ATENEO MUSICAL DE BEMBRIVE” coa finalidade de financiar os gastos xerados polo persoal de profesorado.*

Esta subvención está fundamentada na necesidade pola promoción e fomento do estudo e aprendizaxe da citada banda de música da nosa parroquia creando un vínculo e hábitos positivos de unión entre as familias e os rapaces así como a promoción e difusión do nome de Bembrive nas suas numerosas actuacións.

O Ateneo Musical de Bembrive foi creado o 1 de outubro de 1994 baixo a iniciativa dun grupo de vecinos da Bembrive, quen con 20 rapaces inicia a sua andadura.

En febrero de 1996 Javier González Lamas, crea unha escola de música.

O 19 de decembro de 1996 a banda de música do Ateneo actúa por primeira vez no Auditorio do Centro Cultural Helios de Bembrive, pero non é ata o 6 de febrero de

Páxina 9 de 18



Entidade Local Menor de Bembridge

1999 cando fai a súa presentación oficial, sendo apadrinada pola banda de música Agrupación musical de Rosal. O 30 de maio dese mesmo ano preséntase no Auditorio do Concello de Vigo.

A partir de aquí os concertos comencan a facerse con maior asiduidade, realizando actuacións en diversos festivais tanto por toda a xeografía galega así como en distintas cidades españolas e de Portugal.

Dende marzo do 2021 a Escola de Música do Ateneo pasou a formar parte do Rexistro de Escolas de Música e Danza da Comunidade Autónoma de Galicia (código do centro 36025116).

Os principais obxetivos que buscan na escola son:

- Fomentar os coñecementos e apreciación da música, iniciando os nenos e nenas dende os primeiros anos na súa aprendizaxe.
- Desenvolver unha oferta ampla e diversificada da educación musical sen límite de idade.
- Orientar cara a un ensino de carácter profesional cando a vocación e aptitudes do alumno así o aconselle, proporcionando se é o caso a preparación adecuada para acceder a devandito ensino.
- Ofrecer un ensino instrumental, orientada tanto á práctica individual como á práctica de consunto.
- Proporcionar un ensino musical complementario á práctica instrumental
- Organizar actuacións públicas e participar en actividades musicais de carácter afeccionado.

Na actualidade o Ateneo está formada por máis de 145 alumnos, un claustro de 19 docentes e a banda do Ateneo Musical de Bembridge con 42 músicos, todo eso apoiado por preto de 400 socios.

Podemos atopar ofertas de actividades dende xardín Musical, Banda escola, clases para adulto.

4º “COMISIÓN DE FESTAS DE SANTIAGO E SAN BLAS”:

Esta Alcaldía – Pedanía considera favorable a adxudicación dunha subvención nominativa por importe de **9.000 €** a “COMISIÓN DE FESTAS SANTIAGO E SAN BLAS” coa finalidade de financiar os gastos xerados na contratación de actuacións musicais e demais gastos xerais da festa (alumbrado, seguros).

Esta subvención está fundamentada na necesidade de promocionar e fomentar as festas patronais garantindo así a súa continuidade e o seu disfrute de toda a veciñanza desta parroquia.



Entidade Local Menor de Bembrive

Dende hai máis de 350 anos, con orixe no século XVII, vense celebrando cada ano a Romaría do San Blas de Bembrive. O Concello de Vigo e a Entidade Local Menor de Bembrive acollen esta fantástica romaría, organizada pola Irmandade de Festas de San Blas e Santiago Apóstol de Bembrive, que está considerada como unha das máis populares de Galicia.

Trátase dunha festividade de transmisión interxeracional na que, cada 3 de febreiro, xúntanse devotos do santo así como da música e da gastronomía. Esta festa lévase a cabo durante aproximadamente 20 días anteriores ao día de San Brais.

Ademais dos actos litúrxicos: misa maior, procesión, e demais rituais como pasar un pano polo santo para curar os males de gorxa; cabe destacar que nas rúas da contorna do templo eclesiástico do século XII é onde se atopan os furanchos, nos que se pode degustar o viño e a cacheira.

Todo isto unido coa tradición de sacar as gaitas, os tambores, os bombos e as pandeiretas para gozar da música tradicional galega fan desta romaría unha das máis seguidas en toda a comunidade.

Destacar que no ano 2019 converteuse na terceira celebración que conta coa distinción de Festa de Interese Turístico Galego dentro do Concello de Vigo.

Sitúase nas oito primeiras aglomeracións de xente nunha festa dentro das rúas de Vigo, quedando tan só por detrás dalgunhas festividades coma as Luces do Nadal, a Reconquista ou o Marisquiño.

Durante as últimas edicións o seguimento da festa fai que cada ano máis e máis xente se achegue as rúas de Bembrive para gozar desta Festa de San Blas, donde un dos elementos máis importantes e típicos son os furanchos. Ante esta crecente afluencia de público, faise cada vez máis necesario unha organización profesional, que conte cuns recursos á altura da dimensión do evento tanto económicos coma administrativos.

Por outra banda, este crecemento desmesurado e rápido da celebración nas súas últimas edicións provoca que o crecemento non sexa sempre o desexado, dando lugar a situacións nas que a perda de identidade da festa estaba a ser unha realidade. Polo que a Comisión de Festas, traballou para confeccionar unha programación composta por grupos de música tradicional e locais que representan a nosa cultura e que desta maneira reforcen as orixes da Festa de San Blas.

Tamén se celebra a festividade de Santiago Apostol, patrón da Parroquia de Bembrive, o 25 de xullo con actos litúrxicos e culturais durante varios días o que supón un gran desembolso económico nunhas das datas máis caras do ano.”



Entidade Local Menor de Bembrive

En base a todo o sinalado, no exercicio das atribucións que teño atribuídas, **PROPOÑO** á Xunta Veciñal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar inicialmente, se procede, o expediente de Modificación do Anexo de Subvencións Nominativas para o exercicio 2024 da Base núm. 20-BIS de Execución do Orzamento da Entidade Local Menor de Bembrive: “Subvencións directas”, modificando o seu contido que quedará redactado co seguinte detalle:

Entidade beneficiaria - CIF	Partida Orzamentaria	Actividade a subvencionar	Importe (€)
CLUBE DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE FUTBOL SALA (V36886422)	341.480	VIAXES, ALOXAMENTOS E DESPRAZAMENTOS DO EQUIPO FEMININO DE 2ª DIVISION NACIONAL, TEMPADA 2023/24	9.000
IRMANDADE DE FESTAS SAN BLAS E SANTIAGO (G36705036)	338.480	ACTUACIÓNS MUSICAIS E OUTRAS NECESIDADES DAS FESTAS (LUCES, SONIDO E SEGUROS)	9.000
S.C.D.R. HELIOS (CIF: G36633428)	33.482	VESTIARIO DOS GRUPOS, ACTUACIÓNS MUSICAIS E EQUIPAMENTO DE SONIDO	4.000
ATENEO MUSICAL DE BEMBRIVE (CIF: G36784197)	33.482	GASTOS DE FUNCIONAMENTO (PERSOAL DOCENTE)	6.000
TOTAL			28.000 €

Quedando o presente acordo de asignación nominativa dos créditos para subvencións de esta natureza condicionando a aprobación definitiva da modificación de crédito sometida a acordo da Xunta Veciñal na mesma sesión na que se somete a presente proposta.

Segundo.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de edictos da Entidade Local para que os interesados poidan examinar o expediente e formular as reclamacións que estimen pertinentes, durante os quince días hábiles seguintes á publicación.

Terceiro.- O presente acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo no caso de que non se presentasen reclamacións durante o trámite de exposición ao público. En caso contrario, a Xunta Veciñal disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Non obstante, a Xunta Veciñal acordará o que estime pertinente.”

.....

No expediente consta informe da Secretaría Intervención, emitido o 19.01.2024, cuxas conclusións son as seguintes:



Entidade Local Menor de Bembrive

“Primeira.- Considerando que actualmente non existe crédito adecuado e suficiente consignado na partida 341.480 no Orzamento do exercicio 2024 como consecuencia do axuste á baixa practicado na prórroga do orzamento en base ao artigo 21.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, **resulta necesario tramitar e aprobar a modificación de crédito correspondente para dotar crédito á partida orzamentaria 341.480.**

Por outra banda, o crédito consignado na bolsa de vinculación 3.4 é de 12.000 €, resultando insuficiente para financiar os gastos deste expediente (19.000 € restantes).

Por estes motivos, o presente acordo de asignación nominativa dos créditos para subvencións desta natureza queda condicionado a aprobación da modificación de crédito correspondente.

Segunda.- Os requisitos para que se outorguen subvencións nominativas directamente poden resumirse nos seguintes:

- a) A subvención debe estar prevista expresamente no Orzamento, con indicación do beneficiario, do obxecto e do importe.
- b) A subvención debe ter crédito adecuado e suficiente no estado de gastos, sendo congruente coa clasificación por programas e económica do crédito presupostario.
- c) A pesar de estar prevista expresamente no Orzamento, requírese dun acto administrativo expreso de concesión da subvención.

Terceira.- O órgano competente para a súa aprobación é a Xunta Veciñal da ELM de Bembrive, según dispón o artigo 22.2 e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) e a tramitación será a mesma que a prevista para a aprobación do Orzamento Xeral, o que esixe aprobación inicial por maioría simple, e exposición ao público por prazo de 15 días, entendéndose como definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo no caso de que non se presentasen reclamacións. Noutro caso, necesitará de acordo expreso de aprobación definitiva por maioría simple e, en todo caso, será necesario para a súa entrada en vigor a publicación do Orzamento resumido por Capítulos tras a modificación no Boletín Oficial da Provincia.

En base ao exposto, **infórmase favorablemente** a proposta de modificación do Anexo de Subvencións Nominativas (BASE 20 BIS: Subvencións directas) do exercicio 2024 **coas advertencias expostas e condicionando a percepción das correspondentes subvencións á aprobación da devandita modificación de crédito.**”

.....



Entidade Local Menor de Bembridge

* Unha vez lida pola Alcaldía a parte expositiva da citada proposta, a Alcaldesa-Pedánea indica que de conformidade co disposto no artigo 76 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Xurídico (LRBRL) e artigo 21 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) se vai abster de participar na deliberación, votación, decisión e execución deste asunto por entender que concorre en causa de abstención á que se refire o artigo 23 da Lei 40/2015 do Réxime Xurídico do Sector Público.

A continuación, a alcaldesa-pedánea auséntase do salón de sesións, polo que de conformidade á normativa vixente, Dna. Antía González Fernández, vocal e tenente de alcaldía-pedanía, que debe substituír á alcaldesa no caso de ausencia, exerce a presidencia circunstancial da actual sesión ordinaria, continuando coa lectura da proposta de acordo.

.....

Intervencións: O Sr. Vila Pereira pide a palabra para manifestar que se vai basear no informe da secretaria-interventora donde a execución dese tipo de subvencións ten que estar suxeita a unhas normas, non hai presuposto que avale a cobertura das mesmas, hai que adoptar unhas medidas correctoras destes presupostos porque están prorrogados dende o ano 14 e, sen quitarlle recoñecemento a todas estas asociacións que se van a beneficiar das subvencións polo seu traballo e pola súa labor, entende que a Entidade ten que traballar para evitar todos estes temas porque hai que garantir que sexan equitativas e a distribución dos recursos públicos, se está ben feito, se saíu ben a concurso, a normativa que regula estas subvencións porque uns teñen dereito e outros non, non sabe se iso está ben regulado.

A Primeira Tenente de Alcaldía respóstalle ao Sr. Vila Pereira que depende da repercusión que teñan na parroquia, hai entidades que non teñen ningunha repercusión e outras que si teñen.

O Sr. Vila Pereira di que se basea en que se non hai crédito para este tipo de participación, se o reparto é equitativo.

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por tres votos a favor (da Tenente de Alcaldía-Pedanía - Antía González Fernández – e dos vocais José González Domínguez e Manuel Costas Costas) e dúas abstencións (da Alcaldesa-Pedánea, por ausentarse antes e durante a votación e do vocal Eduardo Vila Pereira), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

.....



Entidade Local Menor de Bembridge

* Rematada a votación do punto número 4, a Sra. Alcadesa Pedánea volve a incorporarse ao salón de sesións e continúa co tratamento dos asuntos incluídos na orde do día da sesión.

II. PARTE DE CONTROL:

5. Resolucións da alcaldía – pedanía.

De conformidade ao recollido nos art. 22.2 da Lei 7/1985 e art. 42 do RD 2568/1986 polo que se aproba o ROF, pola Presidencia dase conta da relación das resolucións adoptadas pola mesma dende a convocatoria da última sesión ordinaria celebrada o 22.12.2024 ata a desta, e que estiveron á disposición dos Sres. e Sras. vogais dende a convocatoria desta sesión:

Nº.	Data	Descrición
113	27.12.2023	Cancelación de conta bancaria e traspaso de saldo por 46.410,70 euros.
114	29.12.2023	Autorización, compromiso do gasto, recoñecemento da abriga e orde do pago relación dun xustif de gasto, nº 39/2023 (servizo de AOS abogados, por asesoramento xurídico xeral), por imp. bruto de 2.541,00 € (levantamento de reparo suspensivo de Intervención na sesión ordinaria da Xunta Veciñal celebrada o 28 de decembro de 2023).
115	29.12.2023	Orde de pago do auto de homologación de acordo 60/2023 ditado no P.O. 63/2023 por importe de 90.000 euros
116	29.12.2023	Aprobación da conta xustificativa do Expte “Pagos a Xustificar núm. 1/2023” para a XXV edición da Festa da Sidra do ano 2023 máis o reintegro, por importe total de 3.550 € (Relación de Xustificantes de gasto 2023 41).
117	29.12.2023	Recoñecemento de obriga do gasto e orde de pago a 4 beneficiarios por “Premios concurso sidra XXV F. sidra 2023” , por impte. bruto total de 150 € .
118	29.12.2023	Aprobación relación de 7 xustif. de gasto, nº 40/2023 (servizos), e orde de recoñecemento con cargo ás corresp. partidas para o seu pago, por impte. bruto de 5.443,44 € (levantamento de reparo suspensivo de Intervención na sesión ordinaria da Xunta Veciñal celebrada o 28 de decembro de 2023).
119	29.12.2023	Salvar reparo suspensivo de Intervención e continuar tramitación de expte. e aprobar relación de 2 xustif. de gasto, nº 44/2023 (servizo da Mancom. de Montes de Vigo por roza, poda e limpeza), e orde de



*Entidade Local Menor
de Bembridge*

recoñecemento con cargo ás corresp. partidas para o seu pago, **por impte. bruto de 16.087,50 €.**

120 29.12.2023 Orde de **recoñecemento** con cargo ás corresp. partidas e pago **de 19 xustificantes de gasto, nº 45/2023** (servizos e subministros), **por impte. bruto de 9.525,25 €.**

121 29.12.2023 Recoñecemento de obriga do gasto e **orde de pago a 2 corporativos por asistencia a dúas sesións da Xunta Veciñal en novembro 2023**, por impte. bruto total de **1.800,00 €.**

122 29.12.2023 Recoñecemento de obriga do gasto e **orde de pago a 2 corporativos por asistencia a unha sesión da Xunta Veciñal en decembro 2023**, por impte. bruto total de **900,00 €.**

123 29.12.2023 Recoñecemento de obriga do gasto e **orde de pago a 2 corporativos por asistencia a unha sesión da Xunta Veciñal en agosto 2023**, por impte. bruto total de **900,00 €.**

001 02.01.2024 Recoñecemento da obriga de gasto e **orde do pago das nóminas** dos traballadores e dos membros da **Xunta Veciñal con dedicación** correspondentes ás **pagas extraordinarias de decembro, por 5.427,60 €** (impte. neto).

002 02.01.2024 **Adxudicación de contrato menor** de servizos e subministros para a Cabalgata de Reis, por impte. total de **2.641,50 €.**

003 03.01.2024 Recoñecemento da obriga de gasto e **orde do pago das nóminas** dos traballadores desta Entidade e dos membros da Xunta Veciñal con dedicación correspondentes ao mes de **decembro, incluído FAS deste mes, por importe de 11.009,97** (impte. neto).

004 05.01.2024 **Adxudicación de contrato menor** de subministros a Marta Álvarez Castro, por impte. total de **170 €.**

005 12.01.2024 **Adxudicación de contrato menor** de servizos a Mancomunidade de Montes de Vigo, por impte. total de **14.850 €.**

006 13.01.2024 **Adxudicación de contrato menor** de obra a Alberto Fernández Gómez, por impte. total de **1.143,45 €.**

007 17.01.2024 **Adxudicación de contrato menor** de subministro a Agro Cosme, S.L., por impte. total de **274,77 €.**



Entidade Local Menor de Bembrive

008 17.01.2024 **Adxudicación de contrato menor** de subministro (material diverso) a Garciventa, S.L., por impte. total de **289,64 €**.

009 19.01.2024 **Adxudicación de contrato menor** de servizos a Uxío González Pérez, por impte. total de **1.633,50**

010 22.01.2024 **Convocatoria de sesión ordinaria da Xunta Veciñal para o 25.01.2024** (6 asuntos).

6. Rogos e preguntas.

- O Sr. Vila Pereira pide a palabra para manifestar que co recente caso que temos dende fai dous días coa entrada en prisión de Roberto Ballesteros insiste en todos os reparos que leva dicindo en todas as actas, que temos que corrixilos e evitalos porque moitos deles están sobre a ilegalidade e os contratos igual, que teñen que poñerse a traballar e facer os orzamentos.

A alcaldesa-pedánea respóstalle que sempre di o mesmo, todos os días o mesmo, xa faláron o outro día, sempre o mesmo.

- O Sr. Vila Pereira di que fixo unha petición en base ao que está pasando, que non teñen persoal, fixo unha petición, ao que a alcaldesa lle resposta que xa lle contestou, que pediu unha petición para unha reunión, é o que pon a súa petición, si se expresou mal, díxoselle que si.

O Sr. Vila Pereira di que hai que expoñelo nun pleno para que os veciños o sepan e a alcaldesa respóstalle que non teñen porque expoñelo, que él pediu unha reunión e non ten porque expoñelo nun pleno, primeiro que se explique ben porque está mal pedido, ao que o Sr. Vila Pereira di que igual o ten que corrixir.

- O Sr. Vila Pereira roga que os danos ocasionados por Roberto Ballesteros á Entidade, que xa o dixo no anterior pleno, hai que facer o posible por recuperar o diñeiro perdido.

A alcaldesa-pedánea respóstalle que xa lle contestou a outra vez, que se quere denunciar que denuncie, que eles xa contrataron a avogados, xa foron a un montón de xuízos, xa se castigou, xa se fixo pagar o que viron e o outro non lle fixeron nin caso.

O Sr. Vila pregunta si se refire a Roberto.

A alcaldesa resposta que si, a todas as obras e a todo, e que están ahí os expedientes, que haber se cambia de tema e non se repite tanto porque sempre o mesmo, xa o faláron o outro día e segue.



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

O Sr. Vila di que ten que repetir sempre o mesmo, que a interventora se vai a ir e aínda non hai un proxecto de orzamentos.

.....

E non tendo outros asuntos a tratar, a Presidencia levanta a sesión sendo as 20:42 h. do día indicado de todo o cal, como secretaria, dou fe.

Vº e pr. da Alcaldesa-Pedánea,

A Secretaria-Interventora,

Asdo.: Patricia Otero Carrera



Asdo.: Patricia Alvarellos Leis